




A Dirección de Área segue sen cumprir coa Lei de
Prevenición de Riscos Laborais na nosa Área Sanitaria

A voltas coa Prevenición de Riscos

Podedes descargar o resumo da xuntanza do Comité de Seguridade e Saúde do pasado día 28 de outubro da nosa páxina web www.cig-saude.org/ferrol. A *editorial*  xuntanza durou 5 horas e media, dende as 8:30 horas ata as 14 horas. Todo este tempo para volver a falar unha e outra vez o xa falado en reunións anteriores, sen que a Dirección de RRHH sexa capaz de darlle solución a ningún dos temas, levando a cabo actuacións sen estudo previo do seu impacto, que non solucionan os problemas senón que aínda os empeoran (lavandería, rampa de raios), solicitando presuposto tras presuposto (nave do Polígono do Pozo), subcontratando medicións que non valen de nada (anatomía patolóxica), negándose a cumprir coa lexislación vixente (Regulamento de Réxime Interno)... **en definitiva: un desastre absoluto.**

Xuntanza tras xuntanza do CSS, **o único que se fai evidente é a incapacidade desta Dirección de cumprir cos requirimentos legais na PRL, e o escaso interese que ten en facer unha integración real e efectiva da PRL na xestión da área.** Quizais a causa sexa que, ao igual que a maioría d@s mand@s intermedi@s, a Dirección tampouco ten formación en PRL, e por iso moitas veces non sabe da importancia do que se está a falar, nin ten a mínima idea de por onde comezar a solucionar os problemas. Parece ser que o persoal ten que vir motivado ao seu posto de traballo de por seu, sen que a empresa lle facilite mellores condicións de traballo que lle solucionen os problemas do día a día. É unha mágoa que a Dirección non sexa capaz de ver que a satisfacción do persoal no seu posto de traballo é resultado directo dunha boa saúde laboral, o que repercutiría nun menor absentismo laboral, nun menor índice de siniestralidade laboral, tamén nun menor número de solicitudes de adaptación do posto de traballo... e por suposto, nunha maior calidade do servizo prestado.

CIG Saúde Ferrol estivo presente nas distintas mobilizacións e actos do último mes na nosa comarca



As delegadas e delegados de CIG Saúde estiveron presente nas distintas mobilizacións levadas a cabo na nosa cidade e no conxunto do país durante este último mes. Entre outras, e dentro desta barbarie privatizadora que estamos vivindo, estivemos presentes sempre que puidemos nos actos convocados polos compañeiros e compañeiras do Colexio Souto de Leixa, nas súas manifestacións diarias ás 12 do mediodía, na manifestación en Santiago o pasado día 17 ou na manifestación do 20 de novembro polas rúas de Ferrol.

Tamén, o día 18 de novembro estivemos presentes na manifestación contra as reformas do capital e os orzamentos dos gobernos galego e español convocadas pola CIG en todas as cidades de Galiza.



Ademais, estivemos presentes en todos os actos informativos de S.O.S. Sanidade Pública na comarca como integrantes da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Ferrol:

- Nas charlas informativas dos días 16, 17, 18 e 19
- Nas radios, Radio Filispim e Radio Voz
- Na mesa informativa na Entrada do Arquitecto Marcide
- Nas roldas de prensa nos distintos concellos
- O venres 19 na Caravana informativa
- No Pleno e nas comisións da Plataforma

E por suposto, na exitosa manifestación do 21 de novembro en Santiago convocada contra a privatización e na defensa e mellora da Sanidade Pública onde milleiros de galegas e galegos percorreron as rúas de Santiago ao berro de "**Privatización, Nunca Máis**".



OPE, TRASLADOS E MOBILIDADE INTERNA

Durante estes últimos días, publicáronse diversas listaxes dos diversos procesos abertos:

- As listaxes coa baremación provisoria de diversas categorías de mobilidade interna da Área Sanitaria,
- As listaxes coa baremación provisoria de todas as categorías, agás TCAE, Persoal de enfermaría, Médicos/as de Familia, Odontólogos/as, Farmacéuticos/as e Pediatras de A.P. do concurso de Traslados 2010,
- As baremacións definitivas da fase de concurso de varias categorías da OPE. Colgáronse na páxina web www.cig-saude.org/ferrol erros de criterio do baremo da OPE, e así mesmo, informouse á afiliación dos mesmos a efectos de valoración mediante email.

Tedes toda a información necesaria sobre estes procesos na nosa páxina web www.cig-saude.org, ou tamén podes chamarnos ao noso local sindical situado nos baixos do Hospital Arquitecto Marcide.

Lotaría de Nadal

Lembramos que este ano a Lotaría de Nadal está á vosa disposición no Local Comarcal de Esteiro.

Non á Privatización do Souto de Leixa

Na actualidade hai 117 traballadores/as no CEE Terra de Ferrol, dos cales 55 son postos vacantes, coñecidos como interinos, o resto dos postos están ocupados por persoal laboral fixo.

O pasado 13 de outubro, nunha rolda de prensa onde estaba o Delegado Territorial mais os Secretarios Xerais das Consellarías de Educación e Traballo, anunciaba a xestión privada do Souto de Leixa. Isto ten un só significado o desmantelamento por parte da Xunta de Galiza dos servizos públicos esenciais e básicos para este tipo de nenos e nenas. Os traballadores/as entendemos que esta política que esta a empregar a Xunta, no só significa a eliminación do persoal laboral senón unha mingua xeneralizada na calidade asistencial a estes nenos e nenas. Como por exemplo menos talleres ocupacionais, menos persoal de atención directa, menos persoal de servizos, menos persoal de enfermería e médicos, etc. etc. etc.

Instamos á Xunta de Galicia a garantir o mantemento da xestión pública do centro Souto de Leixa no proceso de segregación e posta en funcionamento mantendo os postos de traballo da totalidade da plantilla hoxe adscrita ao CEE Terra de Ferrol, na súa condición de empregados públicos, garantindo a calidade asistencial desenvolva ao día de hoxe.

25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero

A discriminación da muller, e a violencia contra ela como unha das súas manifestacións, responde á sociedade patriarcal na que vivimos, fundamentada na división sexual do traballo, que posibilita e sostén situacións de violencia sexista contra as mulleres e que se ceba de xeito particular coas que atravesan unha situación máis precaria, máis aínda no actual contexto de crise económica.

Desde a Confederación Intersindical Galega ante un novo 25 de novembro, reiteramos o noso compromiso na loita contra a violencia de xénero, e facémolo a través da formulación dunha denuncia pública das distintas formas de violencia que seguimos a sufrir as mulleres en todos os ámbitos, visibilizando a achega invisíbel do traballo reprodutivo e produtivo das mulleres, sustento en gran medida do sistema de benestar, que periga por mor dos recortes orzamentarios derivados das medidas neoliberais levadas a cabo polo sistema capitalista.

As mulleres e homes que formamos parte da CIG temos a obriga moral, cívica e sindical de responder individual e colectivamente ante a violencia de xénero. Sabemos que o problema non é sinxelo, que require actuacións en diversos ámbitos: recursos de atención e medidas preventivas, campañas de concienciación e información, medidas coeducativas en materia de igualdade e de prevención de condutas violentas, medidas para rematar coa imaxe sexista das mulleres que difunden os medios de comunicación, etc., mais debemos comezar polo lugar máis próximo: o centro de traballo.

**CONCENTRACIÓN O XOVES 25 DE NOVEMBRO
ÁS 12:30 HORAS NA ENTRADA DO MARCIDE**

Contacta connosco

TELÉFONOS

630594691 ESPECIALIZADA
670264501 PRIMARIA
647938026 SECRETARIA COMARCAL
981334566 A. MARCIDE
981358750 COMARCA

FAX

981334566 A. MARCIDE
981358760 COMARCA

WWW

WWW.CIG-SAUDE.ORG
www.cig-saude.org/ferrol
scigasf@sergas.es

